

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13539** *Corrección de erros do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.*

Advertidos erros no Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 161, do 3 de xullo de 2010, cómpre efectuar as seguintes rectificacións:

Na páxina 15, no punto 2 do artigo 27, onde di: «accións.», debe dicir: «accións, cuxa transmisibilidade poderá restrinxirse nos estatutos sociais.».

Na páxina 15, na segunda liña do punto 1 do artigo 30, onde di: «mencionadas», debe dicir: «mencións».

Na páxina 18, na cuarta liña do punto 3 do artigo 43, onde di: «mencionadas no número terceiro do punto primeiro do artigo anterior», debe dicir «mencionadas na letra c) do punto primeiro do artigo anterior».

Na páxina 27, na segunda liña do texto do artigo 90, onde di: «alícuotas indivisibles», debe dicir: «alícuotas, indivisibles».

Na páxina 28, na primeira liña do artigo 93, onde di: «nesta lei, salvo», debe dicir: «nesta lei, e salvo».

Na páxina 28, na segunda frase do segundo parágrafo do punto 1 do artigo 94, onde di: «As accións que teñan o mesmo contido de dereitos constitúen unha mesma clase de acción.», debe dicir: «As accións que teñan o mesmo contido de dereitos constitúen unha mesma clase.».

Na páxina 29, na segunda liña do punto 1 do artigo 99, onde di: «dividendo anual mínimo fixo ou variable», debe dicir: «dividendo anual mínimo, fixo ou variable»

Na páxina 30, a rúbrica do capítulo III comeza dicindo «Do libro rexistro», e debe dicir: «O libro rexistro».

Na páxina 34, na segunda liña do artigo 119, onde di: «farase pública unha vez», debe dicir: «farase pública, unha vez».

Na páxina 38, na segunda liña do primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 140, onde di: «sociedade dominante nos seguintes», debe dicir: «sociedade dominante, nos seguintes».

Na páxina 38, na segunda liña da letra a) do punto 1 do artigo 140, onde di: «título gratuito ou como consecuencia», debe dicir: «título gratuito, ou como consecuencia».

Na páxina 39, na liña segunda do punto 1 do artigo 143, onde se di: «ou as participacións creadas», debe dicir: «nin as participacións creadas».

Na páxina 41, nas liñas segunda e terceira do punto 1 do artigo 149, onde di: «propias accións ou as participacións creadas ou as accións emitidas pola sociedade dominante dentro dos límites», debe dicir: «propias accións, ou as participacións creadas ou as accións emitidas pola sociedade dominante, dentro dos límites».

Na páxina 41, na terceira liña do punto 2 do artigo 149, onde di: «a norma terceira do artigo anterior», debe dicir: «o artigo 146.3».

Na páxina 42, na liña segunda do punto 2 do artigo 150, onde se di: «persoal da sociedade», debe dicir: «persoal da empresa».

Na páxina 44, na segunda liña do punto 1 do artigo 162, onde di: «conceder préstamos», debe dicir: «conceder créditos ou préstamos».

Na páxina 55, no punto 2 do artigo 217, na primeira liña, onde di: «2. Cando a retribución non teña como base», debe dicir: «2. Na sociedade de responsabilidade limitada, cando a retribución non teña como base».

Na páxina 66, no artigo 263, omitiuse un segundo punto, polo que o parágrafo actual do dito precepto debe ir como punto 1 e débese engadir o punto omitido co seguinte texto:

«2. Exceptúanse desta obriga as sociedades que poidan presentar balance abreviado.».

Na páxina 66, na primeira liña do punto 1 do artigo 267, onde di: «A remuneración dos auditores de contas de acordo co», debe dicir: «A remuneración dos auditores de contas fixarase de acordo co».

Na páxina 79, na liña número trinta e tres, onde di: «Subsección 1.<sup>a</sup> A tutela dos acredores de sociedades anónimas», debe dicir: «Subsección 2.<sup>a</sup> A tutela dos acredores de sociedades anónimas».

Na páxina 79, na letra c) do artigo 335, deben suprimirse as dúas mencións a «participacións sociais», e a dita letra quedará redactada do seguinte modo:

«c) Cando a redución se realice con cargo a beneficios ou a reservas libres ou por vía de amortización de accións adquiridas pola sociedade a título gratuíto. Neste caso, o importe do valor nominal das accións amortizadas ou da diminución do seu valor nominal deberá destinarse a unha reserva da cal só será posible dispor cos mesmos requisitos exixidos para a redución do capital social.»

Na páxina 85, na segunda liña do punto 1 do artigo 365, onde di «ou, se for insolvente, inste o concurso.», debe dicir: «ou, se a sociedade for insolvente, esta inste o concurso.».

Na páxina 90, nas liñas segunda e terceira do punto 1 do artigo 391, onde di: «pola xunta xeral de accionistas.», debe dicir: «pola xunta xeral.».

Na páxina 108, no rótulo do artigo 487, onde di: «Representación fronte aos membros do consello de control», debe dicir: «Representación fronte aos membros da dirección».

Na páxina 109, omitiuse o segundo punto do artigo 499, polo que o parágrafo que agora aparece se debe numerar como punto 1 e débese incorporar o segundo punto co seguinte texto:

«2. En caso de accións sen voto, observarase o que dispoñan os estatutos sociais respecto do dereito de subscripción preferente dos titulares destas accións, así como respecto da recuperación do dereito de voto no caso de non satisfacción do dividendo mínimo e respecto do carácter non acumulativo deste.».

Na páxina 110, na primeira liña do punto 1 do artigo 502, onde di «novo propietario», debe dicir «nu propietario». Igualmente, na segunda liña do punto 2 tamén do artigo 502, onde di «novo propietario», debe dicir: «nu propietario».

Na páxina 115, onde di: «Sección 3.<sup>a</sup> Dereito especial de información», debe dicir: «Sección 2.<sup>a</sup> Dereito especial de información».

Na páxina 116, onde di: «Sección 4.<sup>a</sup> Os instrumentos especiais de información», debe dicir: «Sección 3.<sup>a</sup> Os instrumentos especiais de información».

Na páxina 119, na primeira liña da disposición adicional sétima, onde di: «As disposicións contidas no título XIV deste texto refundido», debe dicir: «As disposicións contidas nos artigos 512 a 514 inclusive, 516 a 523 inclusive, así como no artigo 528 do título XIV deste texto refundido». Así mesmo, nesa mesma disposición na liña segunda e terceira, onde di: «cuxa supervisión corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores», debe dicir: «e serán sancionables os seus incumprimentos».